

O SOBREIRAL DAS
PALABRAS

BIBLIOTECA HUMANA: RECUPERANDO A NOSA MEMORIA



**Concurso traballo por proxectos
Modalidade 2**

**Proxectos de investigación dirixidos por
profesorado dun grupo ou nivel.**



Centro: IES Valadares
Código: 36020374
Localidade: Vigo
Provincia: Pontevedra

Índice

1. Introducción	2
1.1. Xustificación	2
1.2. Planificación con referencia aos contidos curriculares, criterios de avaliación e competencias clave	3
1.3. Cronograma das tarefas	7
1.4. Organización	8
1.4.1. Profesorado participante e organización	8
1.4.2. Tempos e espazos	8
2. Obxecto ou temática de investigación proposta	8
3. Breve descrición do proceso de deseño e elaboración da proposta	8
4. Documentación elaborada para o profesorado e alumnado	9
5. Relación das tarefas máis importantes realizadas	10
6. Recursos utilizados así como unha enumeración detallada das principais fontes consultadas para a investigación.	15
7. Difusión dos traballos e implicación da comunidade educativa.	16
8. Avaliación	16
8.1. Procedementos e instrumentos de avaliación	16
8.2. Criterios de avaliación	16
9. Función e participación da biblioteca escolar en todo o proceso	16

1. Introducción

1.1. Xustificación

Este proxecto interdisciplinar titulado *Biblioteca humana: recuperando a nosa memoria* realizouse co alumnado de 4º de ESO nas materias de Historia e Lingua Castelá coa colaboración da materia de Música, coa finalidade de abordar a **memoria histórica** desde varias perspectivas. A proposta naceu coa intención de dar resposta á necesidade de coñecer e comprender o pasado recente —especialmente o período da Guerra Civil, a Ditadura franquista e a Transición democrática— a través dun enfoque activo e comprometido coa recuperación da memoria das persoas silenciadas.

Ao longo do proxecto, o alumnado participou en actividades de investigación, análise de documentos, lectura de testemuños e textos literarios, así como na elaboración de entrevistas e narracións biográficas. O proceso culminou coa creación dunha **Biblioteca Humana**, un evento no que os estudantes escoitaron historias reais de varios convidados e convidadas que se converteron en Libros Humanos dando voz a quen non a tivo ou foi esquecida.

Esta iniciativa permitiu traballar de maneira integrada contidos curriculares destas dúas materias, ao tempo que se fomentaron competencias clave como a comunicación oral e escrita, o pensamento crítico, a empatía e o respecto pola diversidade de voces e memorias. A metodoloxía empregada favoreceu a aprendizaxe significativa e a implicación emocional do alumnado, converténdose nunha experiencia transformadora tanto no plano académico como persoal.

A Biblioteca Humana como produto final supuxo un espazo de encontro interxeracional, diálogo e reflexión colectiva, onde se puxo en valor a importancia de lembrar para non repetir os erros do pasado. Este proxecto contribúe así á construción dunha cidadanía máis consciente, xusta e comprometida coa defensa dos dereitos humanos e da democracia.

1.2. Planificación con referencia aos contidos curriculares, criterios de avaliación e competencias clave

Nesta proposta curricular estiveron presentes varias competencias clave.

Todo o proceso contribuíu ao desenvolvemento dos aspectos que conforman a **competencia en comunicación lingüística (CCL)** a través de actividades que potencian a adquisición das catro destrezas básicas (ler, escribir, escoitar e falar): lectura e comprensión de textos de diferentes ámbitos; e produción oral e expresión escrita de textos. Ademais, fomentouse o pensamento crítico e o respecto ante as opinións dos demais. Durante todo o proceso tamén estivo presente o desenvolvemento da **competencia plurilingüe (CP)** co emprego tanto do galego como do castelán. O uso destas dúas linguas fomentou o respecto pola diversidade lingüística e cultural da sociedade na que vivimos. A **competencia dixital (CD)** tamén estivo presente na procura da información e na elaboración de diferentes materiais. A **competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC)** foi clave para a adquisición de coñecementos sobre os diferentes aspectos da historia, da literatura e da música e a súa interpretación e interconexión, tendendo pontes entre as diferentes manifestacións. Ademais, cabe destacar que o traballo en equipos promove a **competencia personal, social e de aprender a aprender (CPSAA)**, xa que implica saber xestionar as emocións dun mesmo e tamén adaptarse o traballo cos demais integrantes do equipo. Todo isto conleva a necesidade de desenvolver estratexias que faciliten a convivencia e a resolución de conflitos; a **competencia cidadá (CC)** co coñecemento das normas que existen na sociedade na que vivimos e saber respectalas e a **competencia emprendedora (CE)** posto que implica a necesidade de formular ideas; o fomento da imaxinación, da creatividade, a toma de decisións e o saber enfrontarse á incerteza e ao risco que supón a toma de decisións.

Na táboa detállanse os contidos traballados en cada materia e os criterios de avaliación que guiaron o proceso de aprendizaxe do alumnado.

Materias	Contidos	Criterios de avaliación
LCL	- Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. - Alfabetización informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios. - Interacción oral e escrita de carácter informal e formal. - escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. - Producción oral formal: planificación e procura de información, creación e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. - Producción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. - Alfabetización mediática e informacional: Reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión de	CA2.3. Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura. CA2.5. Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura. CA3.2. Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, no traballo e en situacións orais formais de carácter dialogado, mostrando actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística. CA3.2. Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, no traballo e en situacións orais formais de carácter dialogado, mostrando actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística. CA3.6. Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada. CA3.8. Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos, abarcando o ámbito persoal, educativo e social. CA4.6. Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto

	maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. - Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector. - Procesos de indagación ao redor das obras lidas que promovan o interese por construír a interpretación destas e establecer conexións entre textos. - Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos, atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados. - Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).	co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios. CA4.7. Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais e outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura. CA4.8. Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, partindo da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.
XH	- Xeopolítica e principais conflitos no presente. Xenocidios e crimes contra a humanidade. Guerras, terrorismo e outras formas de violencia política. Alianzas e institucións internacionais, mediación e misións de paz. Inxerencia humanitaria e xustiza universal. - Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas. A situación en España e Galicia. - Conciencia histórica. Elaboración de xuízos propios e argumentados	CA1.2. Interpretar e explicar de forma argumentada a conexión de España cos grandes procesos históricos da época contemporánea, valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia, así como as achegas do Estado e as súas institucións á cultura europea e mundial. CA1.3. Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social, e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e para o pleno desenvolvemento da cidadanía, mediante a mobilización de coñecementos e estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e

ante problemas de actualidade contextualizados historicamente. Defensa e exposición crítica destes a través de presentacións e debates.

- O proceso de transformación da España contemporánea nos seus aspectos políticos, económicos e sociais. Repercusións na Galicia contemporánea.
- O caso español: da Segunda República á Ditadura de Franco.
- A conquista dos dereitos individuais e colectivos no século XX. Orixe, evolución e adaptación dos sistemas liberais e democráticos en España e no mundo a través das fontes: A Segunda República española.
- A transición política e a configuración do Estado democrático en España: a Constitución de 1978 e o Estatuto de autonomía de Galicia. O Estado do benestar en España.
- A memoria democrática. Experiencias históricas dolorosas do pasado recente. Represión durante a ditadura. Recoñecemento e reparación das vítimas da violencia.

resolución pacífica de conflitos.

CA2.3. Utilizar secuencias cronolóxicas complexas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade, duración, causalidade), utilizando termos e conceptos específicos do ámbito da historia e da xeografía.

CA2.4. Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da historia e da xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.

CA2.7. Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro.

1.3. Cronograma das tarefas

Actividades		Obxectivos	Temporalización
O punto de partida	“Retratos de familia”	- Achegarse ao concepto de memoria histórica. - Coñecer as orixes da fotografía como unha fonte histórica. - Investigar no pasado familiar.	2 sesións
	“Unha viaxe de ida e volta”	- Coñecer os conceptos clave de memoria individual e memoria colectiva a través de testemuñas alleas e propias.	2 sesións
Actividades durante o proceso		- Aprender conceptos clave sobre a historia e a literatura e a súa relación coa memoria histórica. - Crear conexións entre a historia global e a da nosa contorna. - Desenvolver a lectura comprensiva e crítica a través de libros de ficción e non ficción. - Elaborar textos orais e escritos vinculados á proposta. - Buscar información e investigar en fontes escritas e orais.	4 semanas
Actividade final		- Crear unha biblioteca humana. - Deseñar as cubertas e contracubertas dos libros humanos.	2 sesións 2 sesións

1.4. Organización

1.4.1. Profesorado participante e organización

Profesorado implicado	Materia	Grupos
Andrea de la Torre Rocafort	Xeografía e Historia	4º ESO A, B, C, D
Alejandra López Pérez	Lingua Castelá e Literatura	
Sonia Pereiro Cuenya	Música (Colaboración)	

1.4.2. Tempos e espazos

Temporalización	Organización e espazos
2ª e 3ª avaliacións	Aulas e biblioteca

2. Obxecto ou temática de investigación proposta

O obxecto de investigación da proposta é a memoria histórica dende o punto de vista literario e histórico. O resultado deste traballo é a creación dunha Biblioteca Humana na que distintos libros humanos aportaron información sobre a memoria para completar o proxecto. Traballaron así con fontes históricas tanto primarias coma secundarias e fontes literarias pero tamén participaron no proceso de organización dunha Biblioteca Humana, na súa difusión en redes e na creación das cubertas e contracubertas dos libros humanos.

3. Breve descrición do proceso de deseño e elaboración da proposta

O punto de partida deste proxecto titulado *Biblioteca humana: recuperando a nosa memoria* foi familiarizar ao alumnado co concepto de memoria histórica a través das actividades “Retrato de familia” e “ Unha viaxe de ida e volta”, onde comezaron dun xeito vivencial tanto a explorar as súas raíces familiares mediante as fotografías como a tomar conciencia da importancia da memoria colectiva e individual na reconstrución da nosa historia e literatura.

O traballo avanzou coa fase de investigación e reflexión histórica a través de múltiples fontes e formatos. En Lingua Castelá e Literatura o proxecto arranca coa lectura dramatizada da obra teatral *El jardín quemado* de Juan Mayorga, una obra que afonda dun xeito metafórico no concepto de memoria histórica. A peza dramática está protagonizada por unha muller que chega, chea de preguntas, a un espazo ficcional, unha vez rematada a Ditadura franquista, co

desexo de exhumar unha fosa común. As súas preguntas incómodas configuran un espello da situación real fronte ao tema: os que viven anclados no pasado, os que prefiren olvidar e os que queren saber. A obra teatral de Mayorga crea o marco perfecto para o estudo dos acontecementos históricos e a reflexión sobre a memoria na actividade “Memoria no mundo” a partir de fontes bibliográficas. Por outra banda, “Nomes e voces” conecta a obra teatral coa realidade das fosas comúns e a represión franquista en Galicia en na zona de Vigo. Empregouse como telón de fondo a lectura de *El abismo del olvido*, que permitiu un salto entre a ficción e a historia real, dando cohesión ao proxecto e xerando interdiscipliniedade entre as materias.

O alumnado elaborou produtos creativos como mensaxes simbólicas en botellas, historias breves inspiradas en obxectos exhumados, presentacións dixitais, podcasts, liñas do tempo, mapas conceptuais ou exposicións orais relacionadas coa literatura e a música do século XX. Estes traballos permitiron vincular coñecemento histórico, competencias dixitais e expresión artística. A culminación do proxecto foi a realización dunha **Biblioteca Humana**, na nosa biblioteca *O Sobreiral das Palabras*. O alumnado participou activamente na organización do evento. Grazas á actividade “Nomes e Voces” localizouse á nai da avoa dunha alumna que aparecía no repositorio o que deu pé a que fose esta avoa unha das invitadas á Biblioteca Humana.

Durante o acto, practicaron a escoita activa das testemuñas e recolleron información relevante que logo serviría para o deseño das “cubertas” dos libros humanos, empregando ferramentas dixitais como Canva.

4. Documentación elaborada para o profesorado e alumnado

Deseñáronse materiais para traballar nas tres materias e para realizar o produto final, ademais creáronse diferentes instrumentos de avaliación. Todo este material elaborado polo profesorado e o alumnado está recollido nun espazo web que se denomina *Memoria histórica* e está dispoñible no seguinte [enlace](#).

5. Relación das tarefas máis importantes realizadas

Neste apartado detállanse as actividades realizadas en cada unha das materias durante o proceso.

O punto de partida	
Retrato de familia	
Actividade	Descrición
1º PASO: A memoria histórica e familiar.	- Presentación do concepto memoria histórica. - Busca de información de historias de familiares. - Reflexión en gran grupo sobre como estas memorias permiten tecer un fío entre xeracións, creando unha ponte entre os que xa non están e os que hoxe seguimos escribindo a historia.
2º PASO: A fotografía como fonte histórica.	- Orixes da fotografía. - Análise de fotografías históricas: posta en común de detalles que dan información sobre os costumes, os valores e os acontecementos desa época.
3º PASO: Investigación fotografía familiar.	- Explorar a fotografía máis antiga que conserve a familia. - Investigar sobre ese antepasado/a e situar a súa vida no contexto histórico que lle tocou vivir. - Conectar as raíces individuais coas colectivas.
Unha viaxe de ida e volta	
Actividade	Descrición
1º PASO: unha historia real.	- Visualización e comprensión crítica do vídeo de Ascensión Mendieta e posta en común.
2º PASO: unha autobiografía.	- Lectura e comprensión crítica de extractos da obra <i>Memoria de la Melancolía</i> de María Teresa León.
3º PASO: creación.	- Escritura dunha lembranza individual nun corazón de papel.

Lingua Castelá e Literatura

El jardín quemado de Juan Mayorga

Actividades	Descrición
1º PASO: O dramaturgo, Juan Mayorga.	- Presentación do autor. - Resolución de preguntas a través da lectura e audición do “Discurso do Premio Princesa de Asturias ás Letras” de Juan Mayorga. - Busca de información adicional e posta en común. - Reflexión en gran grupo sobre a perspectiva do teatro de Mayorga.
2º PASO: Lectura da obra.	- Lectura colectiva dramatizada en actos. - Faladoiros literarios sobre a lectura e as preguntas-guía propostas para cada acto. - Creación de conexións entre a obra e outras manifestacións artísticas e literarias. - O telón de fondo: estudo dos acontecementos históricos que latexan no contido metafórico e alegórico desta obra.
3º PASO: recopilación.	- Creación do mapa conceptual dixital ou en papel.

Lembranzas

Actividades	Descrición
1º PASO: lectura fragmentaria de banda deseñada.	A lectura da obra teatral de Juan Mayorga pecha cunha serie de interrogantes que abre as portas ao tema da recuperación da memoria histórica. Dende a ficción do dramaturgo saltamos ao plano real coa banda deseñada <i>El abismo del olvido</i> de Paco Roca e Rodrigo Terrassa. - Interpretación e lectura de diferentes fragmentos centrados nos acontecementos históricos acontecidos no cemiterio de Paterna. - As fosas comúns: comprensión lectora a través de preguntas guiadas. - Conexión de personaxes e acontecementos coa obra teatral.

2º PASO: Imaxina.	A partir das exhumacións de fosas comúns aparecen diferentes obxectos que axudan á identificación das vítimas. - Creación dunha breve historia a través dos obxectos atopados.
3º PASO: Creación literaria e conexión histórica.	Nunha fosa do cemiterio de Paterna aparecen doce botellas cun papel dentro. - Escritura da mensaxe que poderíamos atopar nesas botellas se apareceran no xardín da obra de Mayorga. - Recuperación da historia individual: escritura dunha breve biografía inspirada en historias reais.

A nosa literatura; a nosa música

Actividades	Descrición
1º PASO: traballo en equipo.	- Reparto por equipos de autores/as e compositores/as relevantes do século XX con especial atención a autores da represión franquista, exilio e ditadura. - Busca rápida na rede facendo uso de operadores booleanos. - Síntese de datos biográficos e creación en equipo dun eixe cronolóxico.
2º PASO: investigación individual	- Dentro de cada equipo cada alumno/a fará a investigación do autor/a ou compositor/a adxudicado. - Completar coa información oportuna o cadro coas fases da investigación. - Elaboración dunha presentación dixital que inclúa citas e unha webgrafía.
3º PASO: comunicación.	- Comunicación do coñecemento e difusión a través da exposición oral dos seus traballos.

Xeografía e Historia

A memoria no mundo

Actividades	Descrición
1º PASO: Investigación	- Investigación sobre un monumento relacionado coa memoria histórica no mundo: Memorial de Verdún, Mauthausen, Monumento conmemorativo de Hiroshima, Museo de Robben Island, Museo dos vestixios da Guerra de Vietnam, Museo do xenocidio de Tuol Sleng en Camboxa e o Museo conmemorativo do Muro e Berlín. - Cada lugar vincúlase coa historia dunha testemuña oral e cun libro da biblioteca relacionado co contexto histórico.
2º PASO: Produto final.	- Exposición oral na que cada grupo presentaba aos compañeiros e compañeiras o seu monumento, o libro relacionado co contexto histórico e a testemuña e a súa historia.

Nomes e voces

Actividades	Descrición
1º PASO: Lectura <i>El abismo del olvido</i> .	- Lectura en común dunhas páxinas do libro <i>El abismo del olvido</i> de Paco Roca sobre a Lei de Memoria Histórica. - Posta en común na aula, analizando os argumentos que aparecen e xerando un debate entre o alumnado.
2º PASO: Investigación.	- Investigación empregando o repositorio “Nomes e Voces” xurdido en 2006 dun proxecto de investigación das tres universidades galegas en convenio coa Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, co obxectivo de estudar a represión en Galicia durante a guerra civil e o franquismo, recopilar información e ofrecer datos relativos ás vítimas. - En equipos, traballar a represión franquista na área de Vigo: - Relacionaron nomes do rueiro de Vigo con persoas que aparecen nesta base de datos.

	- Investigaron sobre a perspectiva de xénero da represión a través dos materiais da exposición <i>Vermellas. Chamábanlle rojas</i>. - Elixiron 6 persoas, 3 homes e 3 mulleres represaliados na área de Vigo e contaron a súa historia en 1ª persoa facendo unha autobiografía. - Nesta actividade localizamos á nai da avoa dunha alumna que aparecía no repositorio o que deu pé a que fose esta avoa unha das invitadas á Biblioteca Humana.
--	---

Actividades finais

A Biblioteca Humana no Sobreiral das palabras

Actividades	Descrición
1º PASO: o concepto de Biblioteca Humana	- Reflexión inicial en gran grupo a través de diferentes vídeos sobre que é unha Biblioteca Humana: cales son os beneficios? Que podemos aprender?
2º PASO: preparación	- Presentación das persoas que forman parte da biblioteca humana. - Análise en equipos dos elementos dun libro. - Preparación do acto. O alumnado foi dividido en equipos con diferentes tarefas: - Presentación dos invitados/as. - Elaboración do programa. - Distribución e cartelería das mesas. - Deseño de publicación para as redes sociais. - Acreditacións dos invitados/as. - Plantilla de recollida da información.
3º PASO: o día da Biblioteca Humana.	- Participación no acto da Biblioteca Humana. - Escoita activa das testemuñas. - Recollida de información máis relevante, citas, datos de interese,...

	- Valoración da actividade no mural da Biblioteca.
Os libros humanos	
Actividade	Descrición
1º PASO	- En equipos, o alumnado revisa a recollida de información despois do acto. - Cada equipo escolle un invitado/a para crear a cuberta e contracuberta do libro tendo en conta a información recollida.
2º PASO	- Toma de decisións en equipo: o título, editorial, sinopse, citas máis relevantes, etc.
3º PASO	- Creación das cubertas e contracubertas do libro utilizando a ferramenta dixital Canva.

6. Recursos utilizados así como unha enumeración detallada das principais fontes consultadas para a investigación.

Para realizar este proxecto o alumnado e profesorado empregou diferentes recursos da biblioteca escolar. Os libros empregados foron os seguintes:

- Abadía, X., *People Power. Protestas que han cambiado el mundo*, 2022, Ed. Zahorí de Ideas.
- Affonço D., *El infierno de los jemeres rojos*, 2010, Ed. Libros del Asteroide.
- León M., *Memoria de la melancolía*, 1999, Ed. Castalia.
- Lozano A., *Nelson Mandela. O camiño cara á liberdade*, 2018, Ed. Faktoría K de Libros.
- Mayorga J., "El jardín quemado" en *Teatro 1989-2014*, 2014, Ed. La uña rota.
- Nakazawa K., *Pies descalzos 3*, 2023, Ed. Distrito Manga.
- Roca P., *El abismo del olvido*, 2023, Ed. Astiberri.
- Tanaka M., *Gran guía visual de la Historia*, 2025, Ed. Blackie Books.
- Tardi J., *¡Putá Guerra!*, 2010, Norma Editorial.
- VV.AA., *El fotógrafo de Mauthausen*, 2018, Norma Editorial.

Para o traballo individual o alumnado utilizou o seu ordenador tanto para as buscas en internet como para crear os distintos materiais, así coma os libros anteriormente mencionados

como modelos para facer as cubertas e contracubertas. As aplicacións empregadas foron *drive*, *canva*, *sites* e *E-dixgal*.

7. Difusión dos traballos e implicación da comunidade educativa.

Un dos eixes fundamentais do proxecto foi garantir a difusión dos traballos realizados polo alumnado e fomentar a implicación activa da comunidade educativa no proceso de recuperación e reflexión sobre a memoria histórica.

O evento central, a Biblioteca Humana, foi un formato que facilitou un diálogo directo e emocional entre asistentes e narradores. Os propios libros humanos son boa mostra da implicación de toda a comunidade educativa: un exprofesor de Historia do centro, xa xubilado; un membro do Centro Cultural e Veciñal Valadares; a nosa librería de confianza, Libraida; un familiar dunha profesora do centro; a avoa dunha alumna; e unha cantante da nosa cidade. Así, conseguiuase que a comunidade educativa non só fose espectadora, senón parte activa dun proxecto educativo comprometido coa construción dunha memoria colectiva máis xusta e plural.

Ademais neste acto, o traballo foi difundido a través das nosas redes sociais e blog.

8. Avaliación

8.1. Procedementos e instrumentos de avaliación

Os instrumentos de avaliación empregados foron listas de cotexo, escalas de valoración e rúbricas que acompañaban a cada unha das actividades. No [espazo web](#) creado poderanse consultar modelos de instrumentos de avaliación empregados.

8.2. Criterios de avaliación

Os criterios de avaliación foron detallados no primeiro apartado desta memoria.

9. Función e participación da biblioteca escolar en todo o proceso

A biblioteca foi o eixe vertebrador deste proxecto. Foi o espazo onde se levaron a cabo algunhas das actividades en equipo, en pequenos grupos ou en gran grupo así como a Biblioteca Humana.

Tamén hai que destacar que esta proposta nace na biblioteca escolar coa finalidade de achegar ao alumnado ao concepto de recuperación de memoria histórica a través dunha Biblioteca Humana co obxectivo do intercambio de experiencias e testemuñas que completan a información que poden atinxir na nosa biblioteca facendo dela un espazo vivencial no que sentir outras experiencias en primeira persoa.